

## Carlos Villanueva Abelairas galardoado co XXIV Premio Internacional Grupo Compostela–Xunta de Galicia

**Santiago de Compostela, 25 de xuño de 2020** – O xurado do XXIV Premio Internacional Grupo Compostela–Xunta de Galicia, reunido o pasado martes telematicamente, decidiu outorgar o galardón ao músico e musicólogo Carlos Villanueva Abelairas pola súa “prolífica traxectoria no estudo da cultura xacobeana e da música vencellada ao Camiño de Santiago, así como a súa relevante contribución no proxecto de construción dos instrumentos do Pórtico da Gloria” da catedral da capital galega.

Ao comunicarlle a decisión, o premiado declarou que era unha honra recibir este recoñecemento “ás portas da xubilación” e que agarda aproveitalo coa “intensidade que deparará o próximo Ano Santo”. Neste senso, explicou que “como catedrático de Música da Universidade de Santiago de Compostela e cunha liña de investigación afín aos obxectivos do Grupo Compostela de Universidades”, no 2021 tratará “de estender por algunha das universidades asociadas o interese pola música no Camiño de Santiago e os instrumentos vencellados á peregrinación. Todo elo seguindo a base metodolóxica do proxecto dos instrumentos do Pórtico da Gloria, codirixido co profesor José López Calo, e contando co apoio da Vicerreitoría de Cultura da USC e a rede de colaboradores do Grupo Organistrum”.

A cerimonia de entrega do galardón será igualmente telemática e está prevista para o 21 de setembro no marco da XXVI Asemblea Xeral do Grupo Compostela de Universidades, que este ano organizará a Universidade do Minho (Portugal). Nesta cerimonia entregáraselle unha cuncha de ouro, emblema do Grupo Compostela de Universidades, e un premio en metálico de 6.000 euros brutos.

### Perfil do galardoado

Carlos Villanueva Abelairas é catedrático de Música da Universidade de Santiago de Compostela desde o ano 2000. As súas primeiras liñas de investigación céntranse principalmente na interpretación da música antiga e os instrumentos medievais, e máis adiante na crítica musical, a música española e latinoamericana do século XX, as músicas e exilios, e a música e identidades.

Ademais, as súas publicacións relacionadas cos instrumentos do Pórtico da Gloria da Catedral de Santiago de Compostela son referentes na musicoloxía internacional e foi codirector do proxecto de construción dos instrumentos deste espazo, patrocinado pola Fundación Barrié de la Maza e desenvolto entre 1990 e 1994. Co obxectivo de dar difusión internacional a este proxecto, levou a cabo xiras por todo o mundo e realizou numerosas gravacións co Grupo de Cámara da Universidade de Santiago de Compostela, recoñecido internacionalmente pola súa especialización en Música Antiga. Con este grupo, que dirixe desde 1977, gravou dez

discos e contribuíu á divulgación do repertorio musical español dos séculos XII ao XVII no eido internacional.

Na súa extensa produción literaria, destacan as obras *El Códice Calixtino y la música de su tiempo*, *Polifonía jacobea*. *Los villancicos al Apóstol de José de Vaquedano*, *El sonido de la piedra (Encuentro sobre instrumentos en el Camino de Santiago)*, a edición do *Cancioneiro Musical de Galicia de Castro Sampedro e Folga* e a monografía sobre *Víctor Said Armesto. Unha vida e romance*.

Carlos Villanueva sobresa tamén polo seu labor de comisario de exposicións como *Jesús Bal y Gay. Tientos y Silencios 1905-1993* ou de responsable científico no proxecto *Centenario Said Armesto (1914-2014)*.

### Composición do xurado 2020

A reunión do xurado do XXIV Premio Internacional Grupo Compostela-Xunta de Galicia, estivo presidida pola conselleira de Educación, Universidade e Formación Profesional da Xunta de Galicia, Carmen Pomar Tojo. Deste xurado forman parte tamén as seguintes autoridades:

- O secretario xeral de Universidades da Xunta de Galicia, José Alberto Díez de Castro.
- O secretario xeral técnico da Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional da Xunta de Galicia, Jesús Oitavén Barcala.
- O presidente do Grupo Compostela de Universidades, Marek Kręglewski.
- O reitor da Universidade de Santiago de Compostela, Antonio López Díaz.
- O reitor da Universidade de Salamanca, Ricardo Rivero Ortega.
- O reitor da Universidade de Málaga, José Ángel Narvárez Bueno.

A secretaria executiva do Grupo Compostela de Universidades, María Teresa Carballeira Rivera, actuou como secretaria do xurado.

### Premio Internacional Grupo Compostela-Xunta de Galicia

O Premio Internacional Grupo Compostela-Xunta de Galicia, desde a súa creación en 1997, galardou a persoas e institucións senlleiras procedentes de diferentes eidos. En edicións anteriores o premio recoñeceu o labor de persoeiros como Jacques Santer (1997), Vaclav Havel (1998), Mohamed ElBaradei (2010), o Colexio de Europa (2012) e Marcelino Oreja Aguirre (2017).

### O Grupo Compostela de Universidades

O Grupo Compostela de Universidades (GCU) é unha asociación internacional sen ánimo de lucro, recoñecida como entidade de utilidade pública, que traballa en favor da colaboración

e promove o diálogo en todos os ámbitos da Educación Superior. O GCU comezou a súa andaina no ano 1994 e desde a súa creación foi crescendo ata unir ao seu camiño a máis de 60 universidades de todo o mundo. Todos os peregrinos do Grupo Compostela de Universidades comparten os valores de cooperación e integración desenvolvidos en torno ao Camiño a Santiago.